

## CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA (CELGA)

O Celga é un sistema de certificación da lingua galega adaptado ó Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL). O Celga ten 5 niveis, do 1 ó 5, por orde de menor a maior dificultade. En canto ós contidos, establécense tres apartados:

- Lingua e comunicación: funcións comunicativas
- Lingua e sistema: coñecemento do código
- Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais.

O Celga serve para certificar o coñecemento de galego, para os efectos de requisitos ou méritos laborais e académicos.

Para obter o Celga hai 2 vías:

- **Realización dun exame.** Só se realizan exames de Celga 1, 2, 3 e 4.
- **Validación de estudos regrados.**

### Obtención do Celga vía exame

Realízanse 2 convocatorias anuais, en maio/xuño e en novembro/dembro. Cada candidato pode presentarse ó nivel de Celga que desexe. Non se esixe a posesión do certificado dun nivel para obter o certificado dalgún nivel superior.

Para poder presentarse ó exame é obrigatorio ser maior de dezaseis anos ou cumprilos no ano natural de convocatoria das probas, hai que facer unha matrícula e paga-la taxa correspondente (para o 2010 é de 15.61 €), no caso de que a persoa padeza unha discapacidade que requira algún tipo de adaptación da proba ten que indicar na solicitude o apoio que precisa para a realización da dita proba.

A convocatoria de exames sae sempre publicada no DOG (Diario Oficial de Galicia) normalmente nos meses de xaneiro/febreiro (esta data é aproximada). Na convocatoria aparecen as datas e lugares de realización do exame, contía da taxa, requisitos e prazos de inscrición, documentación a achegar e todo tipo de información sobre a realización dos exames (publicación das listaxes de admitidos, desenvolvemento das probas, publicación dos resultados, expedición e rexistro dos certificados)

O exame consta de dúas partes:

- Parte A: divídese en dúas tarefas:
  - A.1. comprensión oral + expresión escrita
  - A.2. comprensión escrita + expresión escrita
- Parte B. calquera destreza + expresión oral.

A parte A realízase co resto dos candidatos e a parte B de maneira individual, cun examinador e un avaliador.

Para prepara-lo exame existen 2 opcións:

- Asistir ós cursos preparatorios para o nivel do Celga ó que se queira optar. Os cursos teñen unha duración de 75 horas e son totalmente gratuítos. A Xunta de Galicia publica unha convocatoria anual de cursos no DOG sobre o mes de decembro/xaneiro (data aproximada).
- Preparalo de forma autodidacta. Para iso podes descargar de xeito gratuíto para cada un dos niveis tanto materiais didácticos como escoitas coas súas correspondentes transcripcións no seguinte enlace [www.xunta.es/linguagalega/celga](http://www.xunta.es/linguagalega/celga)

## Obtención do Celga por validación de estudos regradados

As validacións das materias de lingua galega de EXB, primaria, secundaria e formación profesional polos niveis de competencia Celga serán expedidas, segundo un modelo oficial da Xunta de Galicia, polos/as secretarios/as dos centros que custodian as cualificacións, logo da correspondente solicitude feito polo interesado/a. Máis abaixo podes consultar as equivalencias dos Celga coa formación regrada.

Se cumpres os requisitos de titulación para obter algunha validación só terías que solicitar na secretaría do centro no que cursaches a dita titulación a validación correspondente.

Para as persoas que superaron a materia de lingua galega nas probas libres para o graduado escolar ou nas probas libres para o graduado en educación secundaria obrigatoria podes solicita-la validación na Inspección da Consellería de Educación e ordenación universitaria.

As restantes validacións, no seu caso, serán expedidas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística trala petición da persoa interesada.

## EQUIVALENCIAS DOS CELGA COA FORMACIÓN REGRADA

A nova orde de validacións (de 16 de xullo de 2007) publicada no DOG do 30 de xullo de 2007 establece:

- 1. Serán validables polo Certificado de lingua galega 1 (Celga 1):**
  - Certificado do curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia.
  - Certificado de curso de lingua galega para non galego-falantes impartidos polas universidades galegas, ata a entrada en vigor desta orde.
  - Certificado do nivel básico dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.

- 2. Serán validables polo Certificado de lingua galega 2 (Celga 2):**

- O título de graduado escolar, sempre que se estudase toda a EXB ou primaria en Galicia e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos.
- O certificado do curso de nivel medio de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia, ata a entrada en vigor desta orde.
- Certificado do nivel medio dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.
- Certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego da ESO nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ó programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, suscrito entre ambas as dúas comunidades.

### 3. Serán validables polo Certificado de lingua galega 3 (Celga 3):

- O título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou técnico auxiliar (FP1), sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- O certificado do ciclo inicial de galego expedido polas escolas oficiais de idiomas.
- Certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego na ESO e no bacharelato

nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ó programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, subscrito entre ambas as dúas comunidades.

#### **4. Serán validables polo Certificado de lingua galega 4 (Celga 4):**

- O título de bacharelato (LOXSE ou BUP) ou técnico de FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos
- Certificación do curso de especialización en lingua galega para profesores de EXB.

#### **5. Serán validables polo Certificado de lingua galega 5 (Celga 5):**

- O título de licenciado en filoloxía galega ou filoloxía hispánica (subsección de galego - portugués)
- Calquera outro título de licenciatura, diplomatura ou equivalente, sempre que se acompañe de certificación de que se cursaron, polo menos, 18 créditos de lingua galega, e se estea en posesión do Celga 4.
- O certificado do ciclo superior de galego, expedido polas escolas oficiais de idiomas conforme ó programa previsto no Real decreto 47/1992, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os contidos

mínimos correspondentes ó ensino especializado das linguas españolas impartidas nas escolas oficiais de idiomas.

## MÁIS INFORMACIÓN

Para calquera información relacionada cos Celga podes contactar cos gabinetes de normalización lingüística provinciais da Xunta de Galicia

A Coruña 981 184 720

Lugo 982 294 163

Ourense 988 386 028

Pontevedra 986 805 971

ou na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística

<http://www.xunta.es/linguagalega>

## Normativa de interese

- Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG de 20 de xullo de 2007.
- Corrección de erros da orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG de 13 de setembro de 2007.